

REGULAMENTO · VII NOCTURNA DO XALO

1. OBXECTO

Este regulamento ten por obxecto regular a celebración da VII edición da carreira e andaina "Nocturna do Xalo", que ten prevista a súa celebración o sábado 22 de novembro de 2025.

2. MEDIO AMBIENTE

A Asociación Castelo Deporte, cuxos estatutos sinalan como fins da actividade da entidade a promoción e o coidado de contornas naturais, comprométese ao cumprimento da normativa vixente en materia medioambiental, así como a publicar as instrucións precisas en relación á conservación do espazo natural, e a esixir o seu cumprimento por parte de todas as persoas relacionadas coa actividade.

3. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A Nocturna do Xalo é unha actividade deportiva organizada pola Asociación Castelo Deporte consistente nunha carreira e unha andaina polo Monte Xalo, das distancias que se describen no presente regulamento, a celebrar na tarde do sábado 22 de novembro de 2025 no monte comunal de Castelo, no Monte Xalo, con saída e meta na polideportiva de Castelo, no lugar de Folgueira.

4. MODALIDADES, DISTANCIAS E DESNIVEIS

A actividade conta con dúas modalidades: unha carreira de 12 quilómetros, e unha andaina de 8 quilómetros. Os desniveis dos percorridos serán publicados antes da proba a través da páxina web da Asociación Castelo Deporte (www.castelodeporte.gal).

5. CATEGORÍAS DE COMPETICIÓN E HORARIOS

A carreira é a única modalidade competitiva da Nocturna do Xalo, e contará con dúas categorías, masculina e feminina, abertas á participación de calquera persoa maior de idade.

A andaina é unha modalidade non competitiva e está aberta á participación de persoas de calquera idade. Para as dúas modalidades establécense as 19.00 horas como horario de saída.

6. PROCESO DE INSCRICIÓN

As inscricións á Nocturna do Xalo realizaranse unicamente a través das páxinas web da Asociación Castelo Deporte (www.castelodeporte.gal) ou da empresa Emesports (www.emesports.es).

7. PRAZO DE INSCRICIÓN E PRAZAS DISPOÑIBLES

O prazo de inscricións da Nocturna do Xalo abrirá o luns 6 de outubro de 2025, e pechará o martes 18 de novembro ou cando se cubran todas as prazas dispoñibles para cada unha das modalidades, que se fixan en 150 para a carreira e 300 para a andaina. A organización resérvase a posibilidade de incrementar ou reducir o número de prazas ofertadas durante o periodo de inscrición.

8. PREZO DE INSCRICIÓN

As inscricións terán un prezo de 20 euros, independentemente da modalidade e da idade das e dos participantes.

9. DEREITOS ASOCIADOS Á INSCRICIÓN

Coa inscrición á Nocturna do Xalo cada participante estará cuberto por un seguro de accidentes con coberturas asociadas a calquera dano físico individual que se produza desde o comezo e ata o remate da actividade. Ademais, cada participante recibirá un dorsal (con sistema de cronometraxe integrado para a modalidade de carreira), un agasallo conmemorativo, e un ticket para desfrutar da cea que terá lugar ao remate da proba na polideportiva de Castelo (Culleredo), ademais dos servizos que se describen no presente regulamento.

10. CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN E SEGURO DE CANCELACIÓN / MODIFICACIÓN DA INSCRICIÓN

Ofrécese ás e aos participantes a posibilidade de contratar un seguro de cancelación / modificación da inscrición, cun prezo de 3 €, que poderá ser solicitado nas 72 horas posteriores á inscrición mediante correo electrónico (nocturnadoxalo@castelodeporte.gal), teléfono ou WhatsApp (689882972). Este seguro permite a cancelación da inscrición coa conseguinte devolución do prezo da inscrición, ou a modificación dos datos da inscrición (cambio de participante), ata 24 horas antes da celebración da proba. Non contratándose o seguro, non se realizarán devolucións nin se tramitarán cancelacións nin modificacións, aínda tratándose de causas de forza maior.

11. DEREITO DE ADMISIÓN

A organización resérvase o dereito de admisión. As persoas que intenten participar co dorsal doutra persoa non poderán tomar a saída. No caso de que sexa detectado durante ou despois da proba procederase á descalificación, reservándose a organización o dereito á non admisión en futuras edicións das actividades organizadas pola Asociación Castelo Deporte.

12. PERCORRIDOS E AVITUALLAMENTOS

Os percorridos, das distancias sinaladas, estarán sinalizados a través de cintas de balizaxe reflectantes. Non se publicarán tracks nin descrições detalladas dos mesmos.

As e os participantes contarán con servizos de avituallamento líquido e sólido ao longo dos percorridos, cuxa ubicación será publicada antes da celebración da proba a través da páxina web da Asociación Castelo Deporte (www.castelodeporte.gal), así como na chegada. A organización permite a posibilidade de que cada participante asista co seu propio avituallamento líquido ou sólido.

13. PUNTOS DE CONTROL

A organización resérvase a posibilidade de establecer puntos de control, ao seu criterio, para a comprobación do paso das e dos participantes polo percorrido sinalado, así como límites horarios para garantir a seguridade tanto das e dos participantes como das e dos membros da organización.

14. SEGURIDADE

A organización situará en determinados puntos do percorrido a persoal especializado encargado de coidar da seguridade das e dos participantes. É obrigatorio atender ás indicacións deste persoal, que estará identificado. É tamén obrigatorio ofrecer auxilio a calquera participante que o demande.

15. ASISTENCIA MÉDICA E ACCIDENTES

A Nocturna do Xalo contará con servizo de ambulancia medicalizada na zona de saída e meta, para a atención que precisen as e os participantes. No caso de accidente, independente da gravidade dos mesmos, calquera participante está obrigado a comunicalo ao persoal da organización no menor tempo posible.

16. ABANDONO

Nos casos de abandono voluntario será obrigatoria a comunicación no menor tempo posible ao persoal da organización no percorrido, ou no teléfono 689882972, e a atención ás indicacións que se reciban para a volta á zona de saída e meta. A organización poderá obrigar ao abandono da proba cando considere que calquera participante poida ter minguadas as súas capacidades físicas ou técnicas por causa da fatiga ou o desgaste, garantindo así a súa seguridade. No caso de que decida continuar, será unicamente baixo a súa responsabilidade e fóra de toda vinculación coa actividade e a súa organización.

17. DORSAIS

As e os participantes deberán levar en todo momento os dorsais facilitados pola organización, visibles, sen recortar, dobrar nin modificar.

Os dorsais entregaranse antes do comezo da proba, nos horarios que se indiquen na páxina web da Asociación Castelo Deporte (www.castelodeporte.gal), ou que se notifiquen por correo electrónico ás e os participantes.

18. CRONOMETRAXE

A carreira da Nocturna do Xalo será cronometrada de xeito electrónico pola empresa Emesports.

19. MATERIAL OBRIGATORIO

Cada participante deberá contar cunha lanterna frontal para participar na proba, así como cun teléfono móbil, que levará activo desde o comezo e ata o remate da actividade. A organización poderá requirir as comprobacións precisas para garantir estas condicións.

20. MATERIAL RECOMENDADO

A organización recomenda asistir á Nocturna do Xalo con calzado axeitado para correr ou camiñar polo monte, en función da modalidade, roupa de abrigo, roupa impermeable e roupa de reposto. En función das condicións meteorolóxicas a organización realizará outras recomendacións a través da páxina web da Asociación Castelo Deporte (www.castelodeporte.gal), ou por correo electrónico ás e aos participantes.

21. MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓN

Establécense os seguintes motivos de descalificación:

- Non respectar o itinerario sinalizado para atallar
- Impedir ser adiantado ou obstaculizar voluntariamente a outra ou outro participante
- Non levar o material obrigatorio
- Non atender ás indicacións da organización
- Non levar posto o dorsal
- Modificar ou retirar as sinalizacións do percorrido
- Provocar calquera tipo de incidente (agresión ou insulto) a unha ou un participante, membro da organización ou espectadora ou espectador.
- Provocar un accidente de forma voluntaria

- Participar baixo unha identidade falsa ou suplantando a outra persoa
- Non ofrecer auxilio a unha ou ou participantes con dificultades
- Tirar lixo voluntariamente durante o percorrido

22. RESPONSABILIDADES

Cada persoa inscrita participa baixo a súa responsabilidade. É súa a decisión de tomar a saída.

No sentido anterior, recoméndase a realización das revisións médicas oportunas para a comprobación da capacitación para a práctica deportiva.

23. RESULTADOS

Os resultados provisionais da carreira serán publicados pola empresa Emesports na zona de saída e meta ao remate da proba, e pola Asociación Castelo Deporte na súa web (www.castelodeporte.gal) nas vintecatro horas posteriores ao remate da proba.

Os resultados definitivos da carreira serán publicados pola Asociación Castelo Deporte na súa web (www.castelodeporte.gal) unha vez expire o prazo de reclamacións.

24. TROFEOS E CERIMONIA DE ENTREGA DE PREMIOS

Recibirán un trofeo as persoas clasificadas nas tres primeiras posicións de cada modalidade a partir dos resultados provisionais. Ao remate da proba, celebrarase unha cerimonia de entrega de trofeos, na que se fará entrega dos mesmos.

25. RECLAMACIÓNS

Calquera reclamación sobre os resultados da carreira deberá formularse verbalmente nas dúas seguintes ao remate da proba á empresa de cronometraxe, ou por escrito no correo electrónico nocturnadoxalo@castelodeporte.gal nas corenta e oito horas posteriores ao remate da proba.

26. SERVIZOS

A Nocturna do Xalo ofrecerá ás e aos participantes os seguintes servizos:

- Avituallamentos sólidos e líquidos
- Duchas
- Aparcadoiro a 100 metros da zona de saída e meta
- Barra de bebida

27. CANCELACIÓN

No caso de condicións meteorolóxicas adversas a organización resérvase o dereito de cancelar ou aprazar a proba. No caso de cancelación, o prezo da inscrición será reembolsado a todas e todos os participantes; porén, cando sexa comunicada cunha antelación menor de sete días en relación á data de celebración da actividade a organización resérvase o dereito de realizar un reembolso parcial, para cubrir os custos non recuperables. No caso de aprazamento, as e os participantes terán dereito á cancelación de balde da súa inscrición e ao reembolso do prezo da mesma.

28. DEREITOS DE IMAXE

As e os participantes na Nocturna do Xalo ceden á Asociación Castelo Deporte o dereito a empregar calquera fotografía ou gravación na que apareza a súa imaxe, limitando o seu uso á comunicación e promoción desta ou doutras actividades organizadas pola entidade.

29. CANLES DE COMUNICACIÓN

Establécense as seguintes canles de comunicación para as e os participantes coa organización:

- Correo electrónico: nocturnadoxalo@castelodeporte.gal
- Teléfono ou WhatsApp: 689 882 972

A organización non se obriga a dar resposta ás e aos participantes que formulen cuestións a través de redes sociais ou calquera outro medio de contacto.

30. PROTECCIÓN DE DATOS

Ao inscribirse en calquera das modalidades da Nocturna do Xalo, as e os participantes consinten o tratamento dos seus datos por parte da Asociación Castelo Deporte, con CIF G-70153788 e enderezo no lugar de Folgueira - Castelo 35, código postal 15139 de Culleredo (A Coruña), de forma automática, e con fins deportivos, promocionais ou comerciais.

Atendendo á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, as e os participantes teñen o dereito de acceder aos ficheiros automatizados da Asociación Castelo Deporte co obxectivo de modificar ou cancelar de forma total ou parcial o seu contido. A estes efectos, debe solicitarse por escrito no correo electrónico ola@castelodeporte.gal; do mesmo xeito, as e os participantes ceden de forma expresa á organización o dereito de reproducir o seu nome e apelidos, clasificación e categoría.